

Operación triunfo



Juan L. Blanco Valdés

Escritor e tradutor

NON SEI a vostede, pero a min unha das cousas que máis difícil se me fai soportar desta nosa sociedade é o cansativa que resulta, un fastío derivado da súa extenuante capacidade de machacarnos con propostas que considerabamos esquecidas ou enterradas baixo toneladas de indiferenza. A publicidade das barbacoas e bikinis en maio, das coleccións en fascículos en outono ou o anuncio da lotaría de Nadal son as inevitables mouteiras que sinalan o ritmo das estacións, ao igual que a volta das andoriñas, a caída da folia ou a curtidade dos días. Pero, no entanto estas manifestacións naturais teñen mesmo o seu aquel de poético, as

suxestións da tele resultan noxentas pola súa reiteración *ad nauseam*, trala que, naturalmente, só hai gana de quitarnos os cartos.

Deitado a outra noite na alcoba dun hotel e ollando desganado a tele, con esa *nonchalance* propia do insomnio anticipado e as festas sorpresa, a caixa tonta puxo a contribución a miña capacidade de asombro ao anunciar unha nova edición de *¡Operación triunfo!*, explicando que o cásting para o eventual paso de algún cidadán/cidadá galego/a ao universo do glamour terá lugar en data próxima na cidade de Compostela. Sinceramente, eu pensaba que este rolo macabeo da operación de marras estaba, en efecto, morto

e enterrado, e máis, tras o recente e patético revival da edición orixinal, no que, para alén de toda dúbida, se evidenciou que o pretendido triunfo se circunscibiu a un individuo de rizos e sotaque sureño, de certo éxito en América latina, e cuxa suposta relación erótico-sentimental con outra concursante, baixiña ela, semella preocupar moito o país.

Isto é o de menos. Danzade, malditos, como na película. O caso é seguir facendo millóns a base de comerciar no mercado dos ioguríns coa ilusión falaz de que o éxito na vida se vende empaquetado e só hai que ter a sorte de atopar o paquete.

Nos comezos dos sesenta do

pasado século, catro mozos de Liverpool iniciaron a súa carreira musical actuando nun antro de mala morte da cidade de Hamburgo. Pero de pouco importan hoxe a dimensión do esforzo e a forza da honesta convicción no que un fai. Creo que, como xeración, temos sobrevalorado iso que chamamos educar en valores. Como pai e cidadán, poño ao ceo por testemuña de que levo anos intentándoo, tal vez como vostede, pero, qué razón ética pode resistir o impulso feroz da notoriedade? Pois esta é a vitamina contemporánea: a notoriedade. A fama é outra cousa, por así dicir, máis nobre e perdurable. Como a dos Beatles.

O mellor da pintura de Maruja Mallo, no Museo de Lugo

A mostra reúne, ata o tres de setembro, 55 obras con cadros de artistas como Picasso ou Miró

KARMELE VÁZQUEZ
Santiago

O Museo de Lugo acolle ata o próximo tres de setembro a exposición *Maruja Mallo, veinte almas*, na que retoma a figura e traxectoria

da soada pintora lucense a través das súas pinturas e as de artistas coetáneos como Picasso ou Miró.

A mostra reúne 55 cadros, dos que 25 son pinturas da autora en distintas etapas da súa traxectoria

artística, entre as que destacan as relacionadas coas máscaras, a auga e as arquitecturas minerais.

Así mesmo, a exposición acolle outras 35 obras de artistas que foron clave na vida e a produción da pintora, como Pablo Picasso, Joan Miró, Benjamín Palencia, Alberto Sánchez, Eugenio Granell ou Seoane.

A maiores, a mostra inclúe ilustracións, cartas, catálogos de exposicións ou escritos, entre os que destaca a acta da bolsa que lle concedeu a Deputación de Lugo entre 1926 e 1929, ademais de fotografías, como o negativo orixinal de Maruja Mallo co poeta chileno Pablo Neruda.

A mostra en márcase na programación de actividades con motivo da dedicación do Día das Artes

Galegas a Maruja Mallo, unha distinción outorgada pola Real Academia Galega de Belas Artes. Organizada pola Deputación lucense, conta coa colaboración da Fundación Eugenio Granell, a Fundación Abanca, Afundación, a Fundación Luís Seoane e particulares como a colección Vázquez Cereijo-Anne Nikkitik.

tendencias@elcorreogallego.es



A exposición inclúe o negativo orixinal da foto de Maruja Mallo con Pablo Neruda

A figura da pintora viveirense, Maruja Mallo. Foto: ECG



Uno de los envíos de alimentos impulsados por supermercados Gadis. Foto: Gadis

Gadis entrega más de 160.000 kilos de productos a Galicia y Castilla-León

'Mayo solidario' celebra su quinto aniversario y ha llegado a once bancos de alimentos

Santiago. La quinta edición de la campaña *Mayo Solidario*, desarrollada por Supermercados Gadis ha logrado reunir 162.700 kilos de alimentos que le serán entregados a los 186 puntos de venta de Galicia y Castilla y León en los que se ha llevado a cabo esta acción durante el pasado mes de mayo. A esta cantidad, Supermercados Gadis suma una aportación directa de 25.000 kilos.

Los productos recogidos se han enviado ya a los 11 bancos de alimentos de Galicia y Castilla y León con los que Gadis ha colaborado en esta campaña: los de A Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Valladolid, Salamanca, León, Ponferrada, Palencia y Ávila. Estas en-

tidades, que cooperan con numerosas asociaciones y organizaciones no gubernamentales y son conocedoras de las necesidades de cada colectivo, son las encargadas de distribuir de manera equitativa los productos para una mejor gestión y lograr la mayor eficacia.

La campaña de *Mayo Solidario* se ha desarrollado entre el 2 y el 31 de mayo y celebró, en 2017, su quinto aniversario y lo hace con un total 626.700 kilos de alimentos recogidos a lo

La campaña solidaria promovida por Gadis se ha celebrado entre el 2 y 31 de mayo

Esta fórmula desarrolla más de 2.000 acciones en el marco de este plan

largo de estos cinco años. Una cifra que demuestra la solidaridad y generosidad de los clientes de la cadena y la implicación de todos los trabajadores de la empresa con esta acción.

La iniciativa de *Mayo Solidario* se enmarca dentro en el programa de Responsabilidad Social Corporativa de la empresa, que ha vuelto a elegir esta fórmula de colaboración y que cada año desarrolla más de 2.000 acciones en el marco de este plan. Estas acciones están enfocadas a diferentes ámbitos como el medioambiente, la solidaridad, la cultura, los deportes y los recursos humanos.

Gadisa suma 217 supermercados Gadis, 12 Cash Ifa y 163 supermercados Claudio franquiciados, ubicados en las comunidades autónomas de Galicia y Castilla y León.

tendencias@elcorreogallego.es